

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016066	CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro	O Carballiño	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	34
4.2. Materiais e recursos didácticos	35
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	37
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	37
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	39
6. Medidas de atención á diversidade	40
7.1. Concreción dos elementos transversais	41
7.2. Actividades complementarias	42
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	43
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	44
9. Outros apartados	45

1. Introducción

En canto ao centro : O CPR Vila do Arenteiro está nas aforas da vila de O Carballiño, nunha área residencial. Este concello conta cunha poboación aproximada de 14.000 persoas e hai bastante poboación de orixe estranxeira ou cando menos persoas retornadas despois de varios anos vivindo no estranxeiro.

O edificio que alberga ao centro esta rodeado de árbores nun entorno natural que aportan unha vía natural ao desenvolvemento académico do alumnado.

O alumnado é variado en canto a súa procedencia, maioritariamente pertencentes ao concello de O Carballiño. A nivel económico son de clase media (e mesmo media-baixa)

En canto á materia:

As competencias relacionadas coa interacción social adecuada en diferentes contextos e para diferentes finalidades, a expresión, a interpretación, a recepción crítica, o hábito lector e a conservación das diferentes linguas e literaturas do mundo como xoias do patrimonio cultural están claramente relacionadas coa aprendizaxe da Lingua Galega e Literatura.

Así pois, esta materia, Lingua Galega e Literatura no primeiro curso da Educación Secundaria Obrigatoria, contribúe ao desenvolvemento das competencias que cada alumno e alumna deben desenvolver durante estes catro anos e ao remate do ensino básico, e é fundamental para que o alumnado da comunidade galega contribúa á transmisión da propia lingua dende o primeiro curso da educación secundaria, impedindo así a súa substitución. Este último feito é clave, posto que é o noso deber fomentar a aprendizaxe das linguas cooficiais, promovendo e transmitindo de xeración en xeración toda a riqueza que unha lingua contén, evitando sempre prexuízos e estereotipos cara ela. A perda da nosa lingua suporía consecuencias culturais inimaxinables, polo que é preciso evitalo a toda costa.

Grazas aos diversos obxectivos que o alumnado debe acadar ao longo da impartición desta materia, serán capaces de desenvolver e poñer en práctica todas as competencias sinaladas ao comezo desta introdución. Algúns destes obxectivos incluídos no currículo da materia de Lingua Galega e Literatura están relacionados co recoñecemento da diversidade lingüística no mundo en xeral e en Galicia en particular, co fin de eliminar todo tipo de prexuízos lingüísticos. Outros obxectivos céntranse tanto na produción e interacción oral como escrita de forma adecuada e facendo uso das TIC, tan importantes no mundo actual. Outros abordan a comunicación oral e a expresión escrita. En canto aos obxectivos que tratan a comprensión lectora, estes prestan atención a diversidade de textos e propósitos. Para cada obxectivo, o currículo establece un criterio de avaliación de enfoque competencial e atendendo tanto aos procesos como aos produtos. Grazas a estes obxectivos, espérase que o alumnado active os coñecementos adquiridos durante o proceso de ensino-aprendizaxe no futuro, en situacións reais de diferentes ámbitos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O Que Non Se Di Non Existe	Nesta unidade didáctica o alumnado parte da lectura dunha historia chamada "O Que Non Se Di Non Existe" na que os personaxes están tendo unha conversa oral sobre un tema delicado. A partir dela	10	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O Que Non Se Di Non Existe	poderán desenvolver a todas as competencias relacionadas coa comunicación, interacción e expresión en Lingua Galega así como adquirir coñecementos sobre a propia lingua e a súa literatura e mellorar os seus hábitos de lectura e desenvolver a consciencia plurilingüe. Desta forma, o alumnado responderá unha serie de preguntas acerca do contido da lectura e levarán a cabo unhas conversas improvisadas en lingua galega, adecuando o discurso a ao contexto, destinatario, tema e intención comunicativa, empregando do mesmo xeito, enunciados cuxa modalidade se adapte á situación. Ademais, tamén reflexionarán sobre a importancia de vivir nun mundo plurilingüe, analizando mapas lingüísticos.	10	16	X		
2	A Paga	Nesta unidade didáctica o alumnado partirá da lectura inicial dunha banda deseñada, chamada "A Paga". A partir dela poderán desenvolver a todas as competencias relacionadas coa comunicación, interacción e expresión en Lingua Galega así como adquirir coñecementos sobre a propia lingua e a súa literatura e mellorar os seus hábitos de lectura. Desta forma, o alumnado lerá a banda deseñada e responderá unhas preguntas en relación co lido. A partir da lectura, crearán a súa propia banda deseñada escribindo unha historia coherente e empregando todos os contidos abarcados na unidade (como o vocabulario relacionado cos animais, a formación do feminino e o plural, o uso axeitado dos adxectivos, e obviamente, os contidos que abranguen a creación axeitada dunha banda deseñada).	10	16	X		
3	Matateu	Nesta unidade didáctica o alumnado parte da lectura dunha historia chamada "Matateu", a historia sobre un can de caza abandonado. A partir dela poderán desenvolver a todas as competencias relacionadas coa comunicación, interacción e expresión en Lingua Galega así como adquirir coñecementos sobre a propia lingua e a súa literatura e mellorar os seus hábitos de lectura e desenvolver a consciencia plurilingüe. Desta forma, o alumnado responderá unha serie de preguntas acerca do contido da lectura, resumirá as ideas principais e levarán a cabo un debate sobre a necesidade de coidar un animal durante	10	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Matateu	toda a súa vida. Crearán, ademais, o seu propio texto narrativo de forma coherente e facendo uso de todos os contidos abarcados durante a unidade (como o vocabulario relacionado coas profesións, o uso adecuado de determinantes e regras de acentuación ortográfica). Ademais, tamén reflexionarán sobre a importancia de vivir nun mundo plurilingüe, analizando mapas lingüísticos.	10	15	X		
4	As Campioas Discretas	Nesta unidade didáctica o alumnado parte da lectura dunha historia chamada "As Campioas", un texto periodístico sobre o fútbol feminino. A partir dela poderán desenvolver a todas as competencias relacionadas coa comunicación, interacción e expresión en Lingua Galega así como adquirir coñecementos sobre a propia lingua e a súa literatura e mellorar os seus hábitos de lectura. Desta forma, o alumnado responderá unha serie de preguntas acerca do contido da lectura e levará a cabo unha exposición oral sobre a necesidade de que todas as persoas, independentemente do seu xénero, poidan xogar a calquera deporte. Ademais, resumirán o texto empregando as propiedades textuais axeitadas e redactarán o seu propio artigo xornalístico de forma coherente e facendo uso adecuado das regras ortográficas a de acentuación.	10	16	X	X	
5	Glok	Nesta unidade didáctica o alumnado parte da lectura dunha historia de ficción chamada "Glok", sobre un trasno que ten unha cultura diferente. A partir dela poderán desenvolver a todas as competencias relacionadas coa comunicación, interacción e expresión en Lingua Galega así como adquirir coñecementos sobre a propia lingua e a súa literatura e mellorar os seus hábitos de lectura e desenvolver a consciencia plurilingüe. Desta forma, o alumnado responderá unha serie de preguntas acerca do contido da lectura, e levarán a cabo unha exposición oral sobre un conto sobrenatural en lingua galega. Tamén reflexionarán sobre as diferenzas de costumes das diversas culturas. Ademais, tamén levarán a cabo a redacción de pequenos textos descriptivos facendo un uso axeito facendo uso de todos os contidos abarcados durante a unidade (como o vocabulario relacionado coa	10	16		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Glok	vestimenta, o uso adecuado do tempo e modo dos verbos e regras de ortográfica). Reflexionarán tamén sobre o plurilingüismo en España.	10	16		X	
6	Animais Que Curan	Nesta unidade didáctica o alumnado parte da lectura dunha historia de ficción chamada "Animais Que Curan", un artigo sobre o poder curativo dos animais. A partir dela poderán desenvolver a todas as competencias relacionadas coa comunicación, interacción e expresión en Lingua Galega así como adquirir coñecementos sobre a propia lingua e a súa literatura e mellorar os seus hábitos de lectura e desenvolver a consciencia plurilingüe. Desta forma, o alumnado responderá unha serie de preguntas acerca do contido da lectura, e levarán a cabo unha entrevista oral como se foran xornalistas. Ademais, tamén levarán a cabo a redacción dunha reportaxe atendendo as súas características tipolóxicas e facendo un uso axeito de todos os contidos abarcados durante a unidade (como o vocabulario relacionado coas novas tecnoloxías, os verbos irregulares e as regras de ortográfica). Aprenderán tamén técnicas para subliñar de forma efectiva.	10	16		X	
7	Grafiteiras	Nesta unidade didáctica o alumnado parte da lectura dun poema feminista chamado "Grafiteiras". A partir dela poderán desenvolver a todas as competencias relacionadas coa comunicación, interacción e expresión en Lingua Galega así como adquirir coñecementos sobre a propia lingua e a súa literatura e mellorar os seus hábitos de lectura e desenvolver a consciencia plurilingüe. Desta forma, o alumnado responderá unha serie de preguntas acerca do contido do poema e levarán a cabo a creación dun poema propio e o recitarán. Crearán o poema atendendo aos contidos abarcados durante toda a unidade (como o vocabulario relacionado cos medios de transporte, os adverbios, as preposicións e as regras de ortografía e puntuación). Ademais, aprenderán as características deste xénero literario (xénero lírico, incluíndo as cancións). Ademais, tamén reflexionarán sobre a importancia de vivir nun mundo plurilingüe.	10	15		X	X
8	O Valo	Nesta unidade didáctica o alumnado parte	15	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	O Valo	da lectura dunha historia chamada "O Valo", un texto bélico. A partir dela poderán desenvolver a todas as competencias relacionadas coa comunicación, interacción e expresión en Lingua Galega así como adquirir coñecementos sobre a propia lingua e a súa literatura e mellorar os seus hábitos de coidado do medio ambiente. Desta forma, o alumnado responderá unha serie de preguntas acerca do contido da lectura e levarán a cabo un debate sobre a necesidade de axudar a todas as persoas, independentemente da súa cultura. Ademais, levarán a cabo un resumo sobre a historia do Muro de Berlin e aprenderán as características do xénero teatral. Tamén aprenderán vocabulario relacionado co medio ambiente e regras de ortografía e acentuación e as diferenzas entre o suxeito e predicado para poder aplicalo as súas propias producións.	15	15			X
9	Ti non es de aquí?	Nesta unidade didáctica o alumnado parte da lectura dunha historia chamada "Ti Non Es De Aquí?", un texto que fala sobre un xogo. A partir dela poderán desenvolver a todas as competencias relacionadas coa comunicación, interacción e expresión en Lingua Galega así como adquirir coñecementos sobre a propia lingua e a súa literatura e mellorar os seus hábitos de lectura e desenvolver a consciencia plurilingüe. Desta forma, o alumnado responderá unha serie de preguntas acerca do contido da lectura e levarán a cabo unha exposición oral do seu interese e tamén redactarán as normas do seu propio xogo ou reto. Para conseguilo, o alumnado aprenderá vocabulario relacionado cos deportes e xogos de mesa, as normas ortográficas e de puntuación e aprenderán a empregar e identificar diferentes complementos nas oracións. Tamén reflexionarán sobre as variedades xeográficas que existen en Galicia.	15	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O Que Non Se Di Non Existe	16

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoo en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado debe recoñecer nun mapamundi as principais familias lingüísticas e linguas do mundo e identificar algúns sistemas de escritura destas.	PE	80
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado identifica, nunha conversa ou entrevista gravada, os principais elementos do feito comunicativo (emisor, receptor...) e recoñece trazos característicos das secuencias textuais dialogadas.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas na súa presentación.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende a idea principal e a información máis importante dun texto sinxelo.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe soletrear os grafemas e os dígrafos do galego. Tamén sabe aplicar correctamente as regras de acentuación básicas.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado identifica os tipos de enunciados segundo a intención comunicativa.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado é capaz de explicar a intención dun enunciado e modificalo coa fin de lograr outra finalidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado detecta nun texto oral, escrito ou multimodal prexuízos e/ou estereotipos lingüísticos relativos á utilidade da lingua galega e expón algún argumento para refutalos.	TI	20
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha exposición oral breve sobre algún tema concreto relacionado cos países lusófonos e identifica no seu borrador a estrutura e características lingüísticas do texto expositivo.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos de catro alumnas/os, participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, nunha conversa sobre o inicio de curso e o instituto.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado consulta e selecciona, coa axuda do profesorado, a información pertinente para desenvolver a súa exposición, sen copiala textualmente, respectando os dereitos de propiedade intelectual.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) dun texto sinxelo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e

Contidos

- dos usos manipuladores da linguaxe.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	A Paga	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende o sentido global e a intención de textos sinxelos.	PE	80
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende o sentido global (información relevante, intencionalidade...) de textos breves e sinxelos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorpora, nun texto dado, palabras sinónimas, hiperónimas e hipónimas co obxectivo de evitar repeticións no discurso.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado é quen de explicar aspectos básicos do funcionamento do substantivo e adxectivo.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planifica e redacta textos breves e sinxelos coherentes e cohesionados, atendendo á situación comunicativa.	TI	20
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar a carta coa axuda do profesorado, detecta problemas léxicos e gramaticais, e é capaz de solucionarlos e explicalos cunha metalinguaxe específica.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) de textos breves e sinxelos.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado elabora, a partir de modelos dados, unha banda deseñada e emprega as convencións propias do tipo de texto.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	alumnado revisa un texto dado e soluciona problemas lingüísticos coa axuda dicionarios, de manuais de gramática e de correctores ortográficos, en soporte analóxico e dixital.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	Matateu	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende a idea principal e a información máis importante de textos escritos breves e sinxelos.	PE	80
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende a idea principal e a información máis importante de textos escritos.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea textos persoais con intención literaria empregando algún soporte e as convencións do xénero.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorpora procedementos lingüísticos, discursivos e de estilo básicos para enriquecer os textos.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado localiza en textos narrativos e descritivos, distintos tipos de palabras e identifica cales son as categorías gramaticais predominantes.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica prexuízos lingüísticos e adopta unha actitude de respecto e valoración.	TI	20
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado sabe identificar, en textos escritos, orais ou multimodais, as características do texto narrativo.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos, participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, nunha conversa informal.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado consulta e selecciona, coa axuda do profesorado, a información pertinente, respectando os dereitos de propiedade intelectual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado detecta problemas léxicos e gramaticais, e é capaz de solucionarlos.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado identifica e desterra usos discriminatorios da lingua.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) do libro de lectura obrigatoria.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	De forma pautada, o alumnado establece vínculos entre os textos lidos e outros textos ou manifestacións artísticas.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa un texto dado e soluciona problemas lingüísticos coa axuda dicionarios, de manuais de gramática e de correctores ortográficos, en soporte analóxico e dixital.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e

Contidos

- dos usos manipuladores da linguaxe.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
4	As Campioas Discretas	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende a información máis importante e a estrutura de textos escritos.	PE	80
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado redacta un texto ben organizado, empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros lingüísticos nin formais salientables (palabras, letras repetidas...).		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado é capaz de explicar a interrelación entre o propósito comunicativos e as eleccións lingüísticas.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende a idea principal e información máis importante de textos escritos.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado explica a interpretación de obras lidas de forma pautada.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorpora algún procedemento lingüístico, discursivo ou de estilo básico para enriquecer os textos.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa un texto dado e soluciona problemas lingüísticos coa axuda dicionarios, de manuais de gramática e de correctores ortográficos, en soporte analóxico e dixital.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a forma e contido de trxtos xornalísticos breves e sinxelos.	TI	20
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, nunha conversa.		
